WIKIPEDIA

Lingua persa

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **persa** ou **parsi**[1] (فارسی, *fārsī*) é unha lingua indoirania da familia das linguas indoeuropeas, fálase principalmente en Irán, Afganistán (oficialmente coñecida como dari) e Taxiquistán (coñecida como taxico). Goza de status de lingua oficial en Irán, en Afganistán so o nome de dari segundo garante a nova Constitución de Afganistán, e no Taxiquistán como taxico.

A súa orixe está na fala das tribos asentadas no suroeste da planicie iraniana [2] que deron orixe ao imperio aqueménida, coñecido como persa antigo converteuse na lingua das clases gobernantes do imperio pero non substituíu ao arameo como lingua franca, consérvanse só unhas poucas inscricións desta época, pero o feito de ser utilizado por outros pobos contribuíu á súa simplificación e a intrudución de léxico foráneo, a partir do século III a.C é o época do persa medio, falado no período sasánida ata o século IX [3], e do cal derivan as actuais linguas literarias modernas persa moderno, dari e o taxico. Na India o persa foi desde o século XVI a lingua da corte, da elite e da administración do Imperio mogol [4] pese a estar rexido por unha dinastía de orixe turcófona.

É falada por máis de 60 millóns de persoas no Irán. En canto ao persa falado en Irán é coñecido como iraniano ou *fārsī* (sempre *persa*, en galego), a **variedade do persa medio** falada en Afganistán é denominado *dari*. Actualmente, o persa e o dari son escritos nunha variante do alfabeto árabe. E a **variedade do persa medio** falada Taxiquistán, é o taxico, e é escrito en alfabeto cirílico.

A pesar de utilizar unha forma do alfabeto árabe, o persa é unha lingua completamente diferente do árabe, con gramática e fonoloxía completamente diversas. O persa é unha lingua do tipo "suxeito-obxecto-verbo". O persa é unha lingua indoeuropea e o árabe é unha lingua semítica.

Persa فارسی / *Fārsī*	
Pronuncia:	/fɒrˈsi/
Falado en:	Irán, Afganistán, Taxiquistán e diáspora
Rexións:	Asia occidental meridional
Total de falantes:	Uns 60 000 000
Posición:	29
Familia:	Indoeuropea Indoiranias Iranias Iranias occidentais occidentais setentrionais **Persa**
Escrita:	Escrita perso-arábiga. O taxico utiliza o alfabeto cirílico
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Irán
Regulado por:	Academia da Lingua e Literatura Persa
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`fa`
ISO 639-2:	`per (B), fas (T)`
ISO 639-3:	`fas (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=fas)`
SIL:	`prs`

Índice

Notas

Véxase tamén

Outros artigos



.

Ortografía

Aínda que utiliza o mesmo alfabeto árabe que a lingua árabe, o persa engade 4 letras, e cambia a forma doutras 2. As 4 letras adicionais no persa son:

Son	Forma	Nome en Unicode
/p/	پ	Peh
/ʧ/ (ch)	چ	Tcheh
/ʒ/ (zh)	ژ	Jeh
/g/	گ	Gaf

As letras con forma diferente son:

son	letra árabe orixinal	letra persa modificada	nome
/k/	ك	ک	Kaf
/j/ y /i:/, ou raramente /a:/	ى o ي	ی	Ye

As marcas diacríticas que se utilizan no alfabeto árabe ou *harakat*, úsanse tamén para o persa, aínda que algunhas delas teñen distinta pronunciación. Por exemplo, en árabe *Damma* pronúnciase como /u/, mentres que en persa se pronuncia coma /o/.

O alfabeto persa tamén engade a noción de pseudo-espazo ao alfabeto árabe, chamado *Zero Width Non-Joiner* (ZWNJ) co estándar Unicode. Actúa coma un espazo que desconecta dúas letras adxacentes que, doutra banda, estarían xuntas, pero non ten unha extensión visual.

Outra característica remarcable é que moitas palabras persas con raíz de procedencia árabe se escriben de distinta forma que a palabra árabe da que proceden. *Alef con Hamza debaixo* (إ) sempre cambia a *Alef* (ا), *Te Marbuta* (ة) normalmente, pero non sempre, cambia a *Te* (ت) ou *He* (ه), e as palabras que utilizan varias hamzas escríbense con outro tipo de hamza (coma مسؤول que se converte en مسئول).

Outras linguas coma o paxtó ou o urdú asimilaron esas nocións e, en ocasións, estendéronas con novas letras ou signos de puntuación.

Fonoloxía

O contraste funcional entre vogais parece radicar entre as longas {/i:/, /u:/, /ɑ:/} e as curtas {/e/, /o/, /æ/}. Polo tanto, parece posible representar as vogais coma segue {/i:/, /u:/, /a:/} y {/i/, /u/, /a/}. Tamén nótese que /tʃ/ e /dʒ/ son africadas, non oclusivas. O siguinte cadro é unha adaptación de Structural Sketch of Persian (http://www.humnet.ucla.edu/languagesofla/farsi/fars-sketch.htm). Pode que el lector necesite caracteres do A.F.I. (https://web.archive.org/web/20080501001618/http://www.arts.gla.ac.uk/IPA/ipafonts.html) para ver caracteres fonéticos.

Vogais

	anteriores	*posteriores*
pechadas	i:	u:
medias	e	o
abertas	æ	ɑ:

Consoantes

Consoantes

	labial	*alveolares*	*palatais*	*velares*	*glotais*
xordas oclusivas	p	t	tʃ	k	ʔ
sonoras oclusivas	b	d	dʒ	g	
xordas fricativas	f	s	ʃ	x	h
sonoras fricativas	v	z	ʒ	ɣ	
nasais	m	n			
líquidas		l, r			
semivogais			j		

Fonema	son (en IPA)	letra	Romanización	Exemplo(s)
/p/	[p]	پ	p	پارسی
/b/	[b]	ب	b	بانو
/t/	[t]	ت , ط	t	توران
/d/	[d]	د	d	دنیا
/k/	[k]	ک	k	کشور
/g/	[g]	گ	g	گروه
/ʔ/	[ʔ]	ء , ع	' , Ø	معنا، جزء
/tʃ/	[tʃ]	چ	ch, č, c	چوب
/dʒ/	[dʒ]	ج	j, ǰ	جوان
/f/	[f]	ف	f	فارسی
/v/	[v]	و	v	ویژه
/s/	[s]	س , ص, ث	s	سایه
/z/	[z]	ز , ذ , ض , ظ	z	آزاد
/ʃ/	[ʃ]	ش	sh, š	شاه
/ʒ/	[ʒ]	ژ	zh, ž	پژوهش
/x/	[x]	خ	kh, x	خانواده
/ɣ/	[ɣ]	غ , ق	gh, q, ġ	باغ
/ɣ/	[ɢ]	غ , ق	q, gh	قلم
/h/	[h]	ه , ح	h	حال
/m/	[m]	م	m	نام
/n/	[n]	ن	n	نان
/l/	[l]	ل	l	لب
/ɾ/	[ɾ]	ر	r	ایران

/ɾ/	[r]	ر	r	رستوران
/j/	[j]	ی	y	یا

Gramática

Exemplos

Tradución	Palabra	Pronunciación estándar
terra	خاک	khâk
ceo	آسمان	âseman
arroz	برنج	berenj
auga	آب	âb
fogo	آتش	âtash
home	مرد	mard
muller	زن	zan
xantar, comer	خوردن	khordan
beber	نوشیدن	noushidan
grande	بزرگ	bozorg
pequeno	کوچک	kuchak
noite	شب	shab
día	روز	ruz
ti	تو	to
meu	ام	-am

Notas

1. Dicionario da Real Academia Galega
2. Frye, Richard N. "History of the Persian Language in the East (Central Asia)" (PDF). Consultado o 8 de setembro de 2013.
3. "Persian Language". *Encyclopædia Britannica*. Consultado o 8 de setembro de 2013.

4. Alam, Muzaffar (Maio de 1998). "The Pursuit of Persian: Language in Mughal Politics" (PDF). *Modern Asian Studies* **32** (2): 317–349.


Véxase tamén

Outros artigos

- Linguas indoeuropeas
- Linguas indoiranias
- Linguas iranias



Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Lingua persa***



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua persa***